



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bog@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Modesta Riobó Dios** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa as axudas económicas destinadas ás empresas xornalísticas e de radiodifusión.

“A miña precariedade é a túa desinformación”, este foi o lema co que os e as profesionais do xornalismo protagonizaron recentemente unha xornada de protesta contra a precariedade laboral, habitual nas empresas de comunicación, que consideran un “perigo para a democracia”.

Os informadores, con esta xornada, veñen de chamar a atención sobre a súa situación laboral, onde veñen denunciando:

- As xornadas laborais abusivas.
- Contratos en precariedade.
- O abuso de persoal en practicas.
- O aumento da porcentaxe de falsos autónomos.

Así mesmo, denuncian que moitos profesionais seguen sen ser libres para informar en galego. Os informadores non poden escribir mais en galego debido as políticas empresariais que obrigan ao uso do castelán a pesar de que o galego é a lingua dos seus traballadores e da maioría da súa audiencia.

A Xunta de Galiza, establece axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hérreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bog@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante desta situación, o grupo parlamentario do B.N.G. a través da deputada asinante presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno Galego a:

1.º) Que se vinculen as axudas económicas do Goberno Galego destinadas aos medios de comunicación, a loita contra a precariedade laboral dos seus profesionais, introducindo na convocatoria de axudas cláusulas que penalicen ás empresas con altos índices de precariedade ou concedendo máis puntuación ás empresas que demostren ter creado emprego estable no último exercicio.

2.º) Que estas axudas económicas estean condicionadas ao uso real da lingua galega nos medios de comunicación, tendo os medios que xustificar un aumento do uso do galego xeneralizado en todas as seccións.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2007.

Asdo.: Modesta Riobó Dios

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bog@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2007 13:25  
Nº Rexistro: 25298  
Data envío: 20/11/2007 13:25:03.809

**Modesta Riobó Dios na data 20/11/2007 13:13:39**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 20/11/2007 13:13:48**